



## A ÁREA SANITARIA DE VIGO ATENDEU A MEDIO MILLAR DE PACIENTES CON DISFAXIA

- *Con motivo do Día Mundial da Disfagia, médicos rehabilitadores e logopedas insisten na importancia dun diagnóstico precoz para evitar as complicacións asociadas*
- *Os pacientes con disfagia orofarínxea teñen altas probabilidades de ingresos hospitalario por pneumonías, desnutrición, e incluso maior índice de mortalidade*
- *O Chuvi realiza unha novidosa técnica diagnóstica, a videofluoroscopia, que permite visualizar directamente os problemas de deglución dos pacientes*

**Vigo, 15 de decembro de 2021.** Con motivo do Día Mundial da Disfagia que se conmemorou o día 12, os médicos rehabilitadores e os logopedas da Área Sanitaria de Vigo sumáronse a esta conmemoración para visibilizar un trastorno que afecta a unha porcentaxe elevada da poboación e que, moitas veces, está infradiagnosticado.



A disfagia é a dificultade para tragar a comida e as substancias líquidas de maneira natural e que, polo tanto, necesita da atención inmediata dun especialista. O pasado ano, o servizo de Rehabilitación -un equipo composto por neurorrehabilitadores, logopedas e foniátras- atendeu a 500 pacientes con disfagia.



Trátase dun trastorno da deglutición caracterizado por unha dificultade na preparación oral do bolo alimenticio ou no desprazamento do alimento desde a boca ata ao estómago. Pode ter unha orixe funcional (habitualmente neuróxico) ou mecánica, e tamén pode ser secundaria a outros factores, como ás cánulas de traqueostomía ou algúns fármacos.

Ás veces, os pacientes presentan dificultades moi severas que fan que parte do bolo alimenticio se vaia á vía aérea. Os pacientes con este problema teñen máis probabilidades de ingresar no hospital por pneumonías, desnutrición, e incluso se rexistra un maior índice de mortalidade por estes motivos.

Ten maior incidencia nas idades máis avanzadas, en enfermos xeriátricos e institucionalizados, e naquelas persoas que sufriron un ictus.

A estes pacientes engádense os enfermos con patoloxías neurodexenerativas (Párkinson, demencias, ELA, Esclerose Múltiple, miastenia,...); os que pasaron por cirurxías otorrinolaringolóxicas ou neurolóxicas; ou poboación infantil con trastornos neurolóxicos.

### **Abordaxe integral**

A disfaxia representa un problema de saúde con gran incidencia na calidade de vida de quen a padece e dos seus familiares ou cuidadores, que afrontan con moita inseguridade e medo ás horas das comidas.

Aínda que a maioría das disfaxias non son curables, o conxunto de terapias pautadas, como a logopedia, as recomendacións posturais, e os exercicios para potenciar a zona, son moi efectivas e dan moi bos resultados.

Unha correcta abordaxe reduce o tempo de hospitalización dos enfermos, así como os reingresos hospitalarios por complicacións respiratorias.

Neste senso, os e as logopedas da Área Sanitaria de Vigo teñen elaborado diferentes materiais para impartir obradoiros ás persoas cuidadoras destes pacientes así como diferentes cursos de formación específica para o persoal sanitario implicado nos seus cuidados.

### **87 estudos de Videofluoroscopias**

Ademais, desde hai 2 anos, o Chuvi ven utilizando unha nova técnica diagnóstica, a videofluoroscopia, que de momento está sendo desenvolvida en moi poucos hospitais españois.



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE VIGO



Xacobeo 21-22

A videofluoroscopia é unha técnica de radioloxía que permite ver directamente os defectos na deglución do paciente. No Complexo vigués xa levan realizadas 87 estudos de videofluoroscopias.

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO  
Estrada Clara Campoamor nº 341  
36213 Vigo (Pontevedra)  
T. +34 986 217 091  
[comunicacion.vigo@sergas.es](mailto:comunicacion.vigo@sergas.es)